

Resolución do 1 de marzo de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca o programa Lanzadeiras Lugo para o desenvolvemento de miniempresas en centros educativos durante o curso 2023/2024.

O emprendemento non só impulsa o crecemento económico, senón que tamén actúa como motor da innovación, da xeración de emprego e do desenvolvemento social. A súa capacidade para abordar desafíos existentes con solucións innovadoras nutre a competencia e a diversidade nos mercados e desempeña, ademais, un papel moi relevante na transformación das industrias.

A nivel social, o emprendemento pode ser un axente de cambio, brindando oportunidades a comunidades desfavorecidas e fomentando a inclusión e a equidade. Facilita a creación de redes de colaboración, fortalecendo a cohesión comunitaria e promovendo valores fundamentais como a creatividade, a resiliencia e a independencia.

A educación xoga un rol crucial na formación dunha mentalidade emprendedora desde as idades máis temperás. É esencial cultivar habilidades fundamentais entre o alumnado, como a creatividade, a iniciativa, a responsabilidade, a capacidade para afrontar riscos e a autonomía persoal. Recoñecer as amplas oportunidades que ofrece o mundo actual, incluíndo negocios, servizos e campos laborais por explorar, é esencial para o seu desenvolvemento profesional futuro.

Por tanto, traballar e potenciar as habilidades emprendedoras do alumnado repercute positivamente no mesmo, tanto a nivel persoal como profesional, pero ademais xera un impacto positivo na sociedade, aumentando a súa capacidade competitiva e xerando riqueza.

A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional establece que o sistema de Formación Profesional incluírá a orientación e/ou apoio ao emprendemento, actividades de fomento da cultura emprendedora, do sentido da iniciativa e a capacidade de iniciar novos proxectos empresariais, favorecendo a creación de empresas.

A Estratexia de Formación Profesional de Galicia 2030 establece obxectivos estratéxicos que buscan fomentar o emprendemento en colaboración estreita co tecido produtivo galego, así como apoiar e promover as iniciativas emprendedoras dentro dos centros de Formación Profesional. Para alcanzar estes obxectivos, propóñense as seguintes accións:

- Facilitar e apoiar procesos emprendedores entre os estudantes de Formación Profesional.
- Desenvolver un conxunto diverso de programas para descubrir e fomentar o espírito emprendedor entre os estudantes galegos, en colaboración con líderes do ámbito empresarial e emprendedor.
- Estimular a creación de viveiros de empresas dentro dos centros de Formación Profesional.
- Promover activamente o emprendemento, facilitando o acceso a fontes de financiamento e fortalecendo a infraestrutura necesaria.

Nesta estratexia enmárcase o Plan Conecta FP Galicia, que ten entre os seus obxectivos intensificar a colaboración público-privada coa finalidade de deseñar e planificar unha oferta de formación profesional que responda á rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de formar profesionais coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

Ademais, o Plan Innova FP Galicia contempla unha serie de actuacións destinadas a impulsar a innovación, a investigación aplicada e o emprendemento na Formación Profesional galega. Un dos seus aspectos clave é o fortalecemento da colaboración co tecido produtivo galego co obxectivo de fomentar a innovación e o emprendemento industrial na Formación Profesional.



O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, Eduemprende, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións incluídas no plan eduemprende, atópase o programa Lanzadeiras Lugo. Este programa enmárcase dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Alcoa para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor.

O programa Lanzadeiras Lugo pretende promover a creación de miniempresas nas ensinanzas non universitarias co fin de desenvolver e potenciar as habilidades emprendedoras do alumnado.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar o programa Lanzadeiras Lugo e establecer as bases de participación durante o curso 2023/2024.

Artigo 2. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da provincia de Lugo.

O programa Lanzadeiras Lugo está dirixido a alumnado de 6º de educación primaria, ESO, bacharelato e Formación Profesional.

Artigo 3. Definición do programa

O programa Lanzadeiras Lugo ten a finalidade de promover a innovación e o emprendemento en todas as etapas do sistema educativo co obxectivo de potenciar as competencias profesionais, sociais e persoais do alumnado.

Con este programa preténdese lograr os seguintes obxectivos:

- Transmitir a cultura emprendedora ao alumnado da provincia da Lugo.
- Promover o desenvolvemento de habilidades relacionadas co espírito emprendedor.
- Concienciar ao alumnado sobre as posibilidades do autoemprego.
- Proporcionar ao alumnado unha formación específica e práctica sobre como poñer en marcha unha empresa.
- Impulsar a creación de miniempresas en centros educativos, reproducindo de forma realista o funcionamento das empresas.
- Sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora.



Artigo 4. Documentación

1. Para participar neste programa o centro educativo deberá presentar a instancia de solicitude (Anexo I), xunto cun proxecto de miniempresas que deberá axustarse ás seguintes epígrafes:
 - Nome da miniempresa
 - Breve definición
 - Obxectivos
 - Fases
 - Proposta de orzamento*
 - Selección dos participantes
 - Organigrama
 - Avaliación
 - Participación da comunidade educativa
 - Difusión do proxecto

A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Xunta Sans tamaño 12 e entreliñado sinxelo. Os proxectos deberán estar redactados en galego.

*O orzamento total do proxecto non superará os 3.000 €.

2. Un centro educativo poderá presentar máis dun proxecto de miniempresa. Neste caso deberá presentar unha instancia de solicitude por cada un deles.
3. Un/unha docente do centro participante asumirá as funcións de coordinador/a do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular coa Consellería, promover unha colaboración eficaz e facilitar a realización do traballo.

Artigo 5. Prazo e forma de presentación

1. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>).
2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación Profesional e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Xunto coa solicitude achegaranse tanto o Anexo I como o proxecto de miniempresas.

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal nos prazos establecidos para a presentación.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>) a listaxe provisional de proxectos presentados a esta convocatoria, con indicación das solicitudes admitidas e excluídas, xunto cos motivos de exclusión.

Os centros educativos disporán dun prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, para presentar reclamacións, emendar erros



ou completar a documentación da súa solicitude. De non facelo, daranse por desistidos da súa solicitude.

Artigo 6. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:
 - A subdirectora xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
 - Catro vogais con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a da Dirección Xeral de Formación Profesional.
 - Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.
2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

Artigo 7. Criterios de valoración

Para a valoración dos proxectos admitidos no procedemento, a comisión de selección terá en conta os seguintes criterios:

- Carácter innovador do proxecto (Máximo 2 puntos).
- Integración de diferentes áreas, materias ou módulos do niveis educativos implicados no proxecto (Máximo 2 puntos).
- Planificación e viabilidade do proxecto (Máximo 2 puntos).
- Plan de difusión (Máximo 2 puntos).
- Plan de avaliación do cumprimento dos obxectivos establecidos no proxecto (Máximo 2 puntos).

Artigo 8. Resolución

1. Unha vez rematado o prazo de emenda, a comisión de selección avaliará os proxectos admitidos no procedemento, segundo os criterios establecidos no artigo 7, e realizará unha proposta de resolución que elevará á Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.
2. O importe concedido poderá ser inferior ao da proposta de orzamento presentada naqueles casos nos que a comisión de selección considere que o proxecto pode ser executado nos mesmos termos a pesar da minoración.
3. O importe recibido por cada proxecto non superará os 3.000 €.
4. A resolución de proxectos seleccionados, na que se incluírán o importe asignado a cada un deles, publicarase na páxina web Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>).
5. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Artigo 9. Desenvolvemento do programa

O programa Lanzadeiras Lugo desenvolverase atendendo ás seguintes fases:

- **Fase 1. Creación de miniempresas**

Durante esta fase, deberanse desenvolver os proxectos de creación das miniempresas seleccionadas no programa. A través desta actividade, o alumnado participante poderá experimentar de forma realista a toma de decisións empresariais ao ter que crear, organizar e xestionar a súa propia miniempresa.

Para acadar este obxectivo será preciso levar a cabo actividades formativas para o alumnado e o profesorado participante no proxecto, destinadas a facilitar a posta en marcha das miniempresas.

- **Fase 2. Concurso de miniempresas**

As miniempresas desenvolvidas durante a fase 1 deberán participar no Concurso Miniempresas Lugo 2023/2024, no que se premiarán as tres mellores miniempresas do programa.

A presentación da miniempresa farase en formato audiovisual e esta non deberá exceder os 5 minutos. Adicionalmente, poderanse empregar outros formatos (diapositivas, pósters, debuxos, fotografías, etc.) para reforzar os contidos da mesma.

Dita presentación deberá detallar, polo menos, os seguintes puntos:

- Nome comercial
- Descrición da actividade da empresa
- Organigrama
- Sector de referencia
- Localización
- Organización
- Beneficios para a contorna

Os importes dos premios son os que se indican na táboa seguinte:

Premio	Importe
1º Premio	3.000 €
2º Premio	2.000 €
3º Premio	1.000 €

A presentación da miniempresa en formato audiovisual entregarase antes do 14 de xuño do 2024. Para a súa entrega habilitarase un espazo de coordinación do programa na Plataforma de Teleformación de Galicia (PLATEGA).

Artigo 10. Dotación orzamentaria

1. O importe total destinado para esta convocatoria será de 45.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.640.13 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dos orzamentos de 2024. Destes, 39.000 € irán destinados ao desenvolvemento das miniempresas, e os 6.000 € restantes ao pagamento dos premios do concurso de miniempresas.
2. Esta actuación está financiada pola Fundación Alcoa.



Artigo 11. Pagamento

1. O importe correspondente á participación no programa será transferido ao centro educativo nun pago único, no período correspondente ao exercicio económico 2024.
2. No caso dos proxectos gañadores do concurso de miniempresas, o importe do premio será transferido ao centro educativo correspondente nun pago único ao longo do exercicio económico 2024.

Artigo 12. Desenvolvemento e xustificación

1. Os proxectos seleccionados deberán estar completamente executados antes do 14 de xuño de 2024.
2. O centro educativo remitirá á Dirección Xeral de Formación Profesional, antes do 30 de xuño de 2024 a memoria final do proxecto, asinada polo/a director/a do centro.

Esta memoria deberá recoller o traballo realizado co alumnado participante e deberá axustarse aos seguintes epígrafes:

- Presentación da miniempresa
 - Nome da empresa
 - Forma xurídica
 - Data de constitución
 - Sector da actividade
 - Breve resumo
- Actividades realizadas
 - Organización e desenvolvemento
- Resultados obtidos
 - Relación dos resultados e valoración dos mesmos
- Xestión económica
- Conclusións

Deberá estar redactada en galego con formato DIN A4, letra Xunta Sans tamaño 12 e entreliñado sinxelo.

Para a súa entrega habilitarase un espazo de coordinación do programa na Plataforma de Teleformación de Galicia (PLATEGA).

3. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.
4. Os gastos terán que estar executados e pagados na súa totalidade antes do 14 de xuño de 2024.
5. O centro xustificará os gastos de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios e na orde de 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación de gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non universitarios, no que non se opoña ao mesmo segundo establece a disposición transitoria do mencionado decreto. O importe recibido terá a consideración de partida finalista e, polo tanto, requirirá dunha xustificación individual na que se farán constar os ingresos e os gastos.



Artigo 13. Gastos elixibles

Unicamente terán a consideración de gastos elixibles aqueles que estean directamente relacionados co desenvolvemento dos proxectos de miniempresas e sexan necesarios para a realización dos mesmos.

Poderán ser subvencionados con cargo ao importe recibido os seguintes gastos:

- Gastos de formación do alumnado e profesorado participantes.
- Gastos de desprazamento e dietas das persoas participantes.
- Gastos de adquisición de equipamentos.
- Gastos de adquisición de mobiliario.
- Gastos de adquisición de bens funxibles, é dicir, artigos de consumo xeral que non poden ser reutilizados.
- Gastos de adquisición ou desenvolvemento de aplicacións informáticas.
- Gastos de aluguer de bens mobles ou inmobles.
- Gastos de contratación de servizos externos imprescindibles para a execución do proxecto.

Non serán subvencionables os gastos de execución de obras.

Artigo 14. Certificación

O profesorado participante nos proxectos seleccionados nesta convocatoria recibirá unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para o docente coordinador e 20 horas para o profesorado colaborador.

Para este recoñecemento será necesario a valoración positiva da memoria final presentada e unha certificación da dirección do centro na que figure o profesorado coordinador e colaborador do programa, indicando en cada caso a súa función.

Artigo 15. Obrigas dos centros educativos

Os centros seleccionados comprométense a:

1. Desenvolver todas as actuacións incluídas no proxecto dentro do prazo establecido.
2. Participar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, especialmente nos eventos relacionados co emprendemento na Formación Profesional, así como á cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos dereitos de edición e difusión.
3. Cumprir coas obrigacións de información, comunicación e visibilidade derivadas da financiación deste programa pola Fundación Alcoa, que se indican a continuación:
 - As publicacións impresas ou electrónicas feitas por calquera medio conterán o logo da Fundación Alcoa.
 - Así mesmo, estas deberán indicar que as actividades desenvolvidas no marco deste programa está financiadas pola Fundación Alcoa.
 - As publicacións en redes sociais deberán conter as etiquetas @alcoafoundation (Facebook), @AlcoaFoundation (X), @alcoa (Instagram) ou @alcoa (LinkedIn), segundo corresponda.



Artigo 16. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.
4. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A directora xeral de Formación Profesional

